



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 154/2007

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto no artigo 40 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Extraordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Resultando necesaria a celebración de sesión extraordinaria do Concello Pleno para dar cumprimento ó establecido no artigo 38 do ROF, en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL.

Clase de Sesión.....	EXTRAORDINARIA
Data da Sesión:.....	13 de novembro
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	09:00 horas

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE A SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2007.
2. APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA SUPLEMENTO DE CRÉDITO (Expte. SC 01/07)
3. A PROBABACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA CRÉDITO EXTRAORDINARIO (Expte. CE 01/07).

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En Mesía, 09 de novembro de dous mil sete.

O ALCALDE

Ante min A SECRETARIA ,

D. Mariano Iglesias Castro.

D^a. M^a Fernanda Montero Parapar.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2007.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. José Joaquín López Ares. PSdeG – PSOE
D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE
D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE
D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE
D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE
D. Severino Álvarez Monteserín. PP
D^a María José Quindimil Suárez. PP
D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

AUSENTES:

D. Ciriaco Varela Rotger PP
D. Manoel Bello Salvado. BNG
(*Non xustifican a súa ausencia.*)

SECRETARIA :

D^a M^a Fernanda Montero Parapar.

En Mesía, a 13 de novembro de 2007, sendo as nove horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición os expedientes da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Presidente declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2007.

Abre a sesión o Sr. Alcalde explicando que a convocatoria responde a necesidade de someter a aprobación provisional dúas modificacións de crédito para dotar do mesmo as partidas 0.33 e 0.91, e poder facer fronte os pagos de intereses e amortización de capital do préstamo concertado pola Corporación o día 20 de xullo de 2004 entre o Concello de Mesía e o Banco de Crédito Local.

Seguidamente o Sr. Alcalde pregunta se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 6 de outubro de 2007.

Intervén o Sr. Severino Álvarez Monteserín, para explicar que pola redacción dada na Acta da sesión anterior, das súas intervencións pódese entender que está en contra da inversión feita nas Brañas da Valga, cando en realidade sé apoia o proxecto. Por outro lado



tamén desexa aclarar que cando fai referencia as beirarrúas en Visantoña estase a referir as beirarrúas na Calzada.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Joaquín López Ares, para poñer de manifesto o erro observado na Acta da sesión anterior, manifestando que na súa intervención explicou que ASDECOMOR é un organismo creado para canalizar as axudas do Leader + , e non, tal e como se recolleu na Acta, un organismo para canalizar as axudas da Xunta, posto que as subvencións proceden na súa maioría dos Fondos da Unión Europea.

Non habendo máis pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade** dos membros presentes.

En consecuencia, se eleva a definitiva para a súa transcripción ó Libro de Actas.

2. APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA SUPLEMENTO DE CRÉDITO (Expte. SC 01/07)

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 2º punto da orde do día preténdese aprobar provisionalmente o expediente de modificación de crédito para complementar crédito na partida 0.33 ao no ser suficiente o consignado no Orzamento do 2007, pois é o prorrogado do 2006, sendo polo tanto imposible prever o crédito na súa totalidade ao ir destinado o pago de intereses e ter estes un carácter variable, pasándolle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican os acordos que procede adoptar.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito (referencia Suplemento de Crédito 01/07), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e tralo estudo da proposta formulada e informe de Intervención, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito (SC 01/07), polo que se complementará crédito na partida orzamentaria 0.33 por importe de 7.854,63 euros, para atender os gastos derivados da liquidación anual de intereses tal e como figura estipulado no contrato de préstamo co Banco de Crédito Local asinado o día 20 de xullo do 2004.

Segundo.- Financiarlo suplemento de crédito con cargo o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xenerais.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Terceiro.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais”.

Terminada a lectura da proposta o Alcalde-Presidente, explica que o concello ten contraído un préstamo, que xenera uns intereses que non están contemplados no Orzamento, pois de estalo non sería necesario tramitalo expediente de modificación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións co que haxa que dicir ó respecto, pasándolle a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, que manifesta a súa conformidade coa proposta explicando que queren que o concello cumpra coas súas obrigas legais, pero tamén lle pregunto ao Sr. Alcalde cal é o carácter de urxencia do Pleno, se con anterioridade se fixeron outras modificacións e non se levaron a Pleno, e tamén pregunta se de non traballar co presuposto prorrogado se farían necesarias estas modificacións.

Seguidamente pídlle o Sr. Joaquín López Ares a palabra ao Sr. Alcalde, para explicar que si moitas das modificacións feitas non se levaron o Pleno foi porque a competencia era do Alcalde.

Intervén o Sr. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, expoñendo que ao non haber crédito suficiente na partida, nin no mesmo grupo función faise necesario suplementar crédito, sendo esta una modificación que obrigatoriamente ten que ir a aprobación do Pleno.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros da Corporación.

3. APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA CRÉDITO EXTRAORDINARIO (Expte. CE 01/07).

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 3º punto da orde do día preténdese aprobar provisionalmente o expediente de modificación de crédito para crédito extraordinario na partida 0.91 ao non existir consignación nesa partida no Orzamento do 2007, que é o prorrogado do 2006.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“Visto o Orzamento do Concello de Mesía para o ano 2007, que é o prorrogado do 2006.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Tendo en conta a inexistencia de crédito destinado á realización de gastos que non se poden demorar até o exercicio seguinte, que é o do ano 2008, esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Tramitalo expediente administrativo de modificación de crédito 01/07 no orzamento do Concello de Mesía para o ano 2007, que é o prorrogado do 2006, mediante créditos extraordinarios por importe de 18.935,19, euros.

Segundo.- Aprobar provisoriamente o expediente administrativo de modificación de crédito 1/03 no orzamento do Concello de Mesía para o ano 2007, que é o prorrogado do ano 2006, por importe de 18.935,19, euros, para a seguinte partida, destinos e contías:

Partida	Destino	Euros
0.91	Amortización de capital do préstamo asinado en data 20 de xullo do 2004 entre o Concello de Mesía e o Banco de Crédito Local(01/07)....	18.935,19

Terceiro.- O expediente administrativo de modificación de crédito 01/07 financiarase integramente con parte do remanente líquido de tesourería destinado a gastos xerais, indicado na liquidación do orzamento do Concello de Mesía do ano 2006 por Decreto de esta Alcaldía de data 19/10/2007.

Cuarto.- Na tramitación do expediente administrativo de modificación de crédito 01/07 seguirase as normas establecidas nas Bases de Execución 7º e 8º do Orzamento Xeral do Concello de Mesía para o ano 2007, que é o prorrogado do 2006. O expediente administrativo de modificación de crédito 01/07 entenderase aprobado definitivamente, sen necesidade de novo acordo plenario, se no período de exposición pública de aquel, non fosen presentadas alegacións”.

Terminada a lectura da proposta o Alcalde, explica que o préstamo que ten contraído o concello foi firmado cun período de carencia por dous anos, sendo este ano o 2007, o primeiro no que se ten que amortizar capital, de xeito que o traballar co presuposto prorrogado, foi materialmente imposible consignar crédito nesta partida, de ahí a necesidade de tramitalo expediente do crédito extraordinario.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros da Corporación.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as nove horas e vinte minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretaria - Interventora, certifico.